



Boletín de Medio Ambiente

Illas de San Pedro

Concello: Coruña,

Características: Arquipélago granítico composto de 4 illas e un conxunto de illotes, cunha superficie total de 7 hectáreas. Forman parte dun conxunto paisaxístico que integra os montes de San Pedro, Cortigueiro e Bens, e a costa adxacente.

Fauna: Entre as aves que podemos avistar encóntranse as gaivotas patiamarelas, a lavandeira marela, o rabirrubio, o corvo mariño grande, a gabita, o virapedras e o bilurico das rochas. Nos seus arredores é común a presenza de arroaces.



Noticias

A maioría dos europeos minimiza o papel humano no cambio climático

Unha enquisa sobre responsabilidades sobre o cambio climático realizada entre 10.000 europeos mostra que a maioría dos cidadáns minimiza o papel dos humanos na súa orixe. Únicamente o 46% cre que a man humana é a principal responsable, que é a explicación que nos dá a ciencia. Fronte a isto, un 51% opina que: ou ben o cambio débese a unha evolución natural (8%) ou é unha mestura dos dous factores anteriores (42%) ou que o cambio non existe (1%).

España destaca polo seu coñecemento: ata o 60% dos españois sabe que o cambio climático ten unha orixe humana.

Fonte: El País

O Cambio Climático no G-20

Dezanove de vinte Estados que se reuniron no G-20 en Hamburgo, os pasados días 7 e 8 de Xullo, ratificaron o seu compromiso co Acordo de París sobre o Cambio Climático. Doutra banda, a declaración final do cume reconece que Estados Unidos se retirou do acordo, e que o país norteamericano esforzarase por traballar con outros países para acceder e usar os combustibles fósiles dunha maneira máis limpa e eficiente. Esta referencia aos combustibles fósiles foi moi criticada por parte dos demais países que compoñen o G-20, pero debido á imposibilidade de chegar a un acordo unánime tras longas sesións de negociación tiveron que ceder.

Fonte: BBC

Os pesticidas danan ás abellas

Dous novos estudos mostran que os neonicotinoides, pesticidas utilizados en determinados cultivos, reducen o tamaño da colonia de abellas, a súa fertilidade e a súa esperanza de vida. Realizáronse experimentos tanto en laboratorios como na natureza, e ambos mostran os mesmos resultados.

Un dos estudos, realizado en Canadá, mostra que unha vez expostas a estes pesticidas, as abellas continúan mostrando restos deste químico durante 3 ou 4 meses, e mesmo as abellas que se liberaron fóra do rango de campos de cultivo mostraban signos destes pesticidas durante polo menos un mes. Doutra banda, o estudo levado a cabo en Europa, mostra a exposición das abellas a estes químicos mesmo nos campos de cultivo que non foron tratados con neonicotinoides, algo sorprendente pois na Unión Europea o uso destes químicos está prohibido desde o ano 2014.

Fonte: LA Times

O pulmón das cidades será vertical

Xa existen moitos proxectos como barrios, mesmo cidades ecolóxicas e as granxas verticais, fillos todos do que se coñece como «agricultura vertical», cun enfoque non tradicional que, recorrendo a punteiras tecnoloxías como a hidroponía ou a aeroponía, fai de rañaceos urbanos auténticos invernadoiros.

De feito, en pleno centro de Milán érguense dous rañaceos abrazados por máis de 2.000 especies vexetais. As arboledas atrapan o polvo, absorben 25 toneladas de CO₂ ao ano e producen ata 60 quilos de osíxeno ao día. Ademáis, cada unha das súas torres equivalen a 7.000m² de bosque horizontal, a súa frondosidade xera un microclima que prové de humidade, fai de filtro solar que protexe da radiación e funciona como hábitat para páxaros e insectos. Estes rañaceos son un cláro exemplo de que a arquitectura sustentable é posible.

Fonte: La Voz de Galicia

Os combustibles fósiles culpables do cambio climático

Segundo un estudo de CDP (Proxecto de Divulgación do Carbono), 100 empresas de produción de combustibles fósiles son as responsables dun 71% das emisións de dióxido de carbono á atmosfera das dúas últimas décadas. O estudo mostra que a metade das emisións producidas desde o ano 1988, ano no que se estableceu o panel intergubernamental do cambio climático, pódense rastrexar a 25 corporacións e entidades públicas. O estudo mostra, ademais, que si a extracción de combustibles fósiles continúa ao mesmo ritmo nos próximos 28 anos, os mesmos transcorridos desde 1988, a temperatura media global subirá 4 graos a finais de século.

Fonte: CDP

488.240 quilos de lixo xerado na celebración do desfile do Orgullo en Madrid

As celebracións do Orgullo en Madrid, os días 1 e 2 de Xullo, xeraron preto de medio millón de quilos de lixo. Esta cantidade supón un aumento do 60% comparado coa recollida de lixo na celebración do ano anterior.

Fonte: El Mundo

Sabías que...

si non cumpres coa obriga legal de manter a túa leira libre de maleza arriscaste a unha multa que pode ir desde os 750€ ata os 10.000€, dependendo do Concello ao que pertenzas.

Boas Prácticas

Primeira “Senda Azul” na Coruña

O Sendeiro Atlántico é o primeiro da cidade que recibe a distinción de Senda Azul. Este percorrido de 12 km e medio con valor ambiental conecta a costa desde O Parrote ata o miradoiro do monte de San Pedro, e será acondicionado con sinais e información en cada tramo. O camiño discorre por lugares de interese, como o xardín de San Carlos, o castelo de San Antón, a Torre e museos científicos.

Fonte: La Opinión Coruña

Nova Vía Verde Santiago-Cerceda

Trátase dun itinerario de sendeirismo e cicloturismo de 36,5 km sobre a antiga vía do ferrocarril que unirá Compostela e Cerceda. O proxecto, xa xurdiu en 2008 coa idea de unir Santiago, Ordes e Oroso e ampliouse despois aos municipios de Tordoia e Cerceda.

Fonte: Deputación da Coruña

A brigada de limpeza cidadá toma Hamburgo

Miles de veciños salguen á rúa con cubos e escobas para arrombar as vías tras as violentas protestas do G-20. A brigada de limpeza naceu dun evento que convocou unha moza en Facebook mentres vía por televisión como a violencia esnaquizaba a súa cidade. Pensou que convidar á xente a limpar era unha forma de responder e a guerrilla urbana non fixo máis que aumentar. O domingo miles de cidadáns indignados saíron a limpar a imaxe da súa cidade.

Fonte: El País

Aposta polo coche eléctrico

Francia puxo data límite para acabar coa venda de automóbiles que funcionan con combustibles fósiles: o ano 2040. Pero este non é o único país que lle puxo unha data final ao uso de vehículos contaminantes, Noruega púxoala en 2025, a India en 2030, e Alemaña púxose o obxectivo de ter un millón de vehículos limpos en circulación para 2020. O estado español, con todo, atópase á cola neste tema, xa que para cumprir as obrigas coa Unión Europea sobre redución de emisións de gases de efecto invernadoiro debería haber 300.000 vehículos circulando no ano 2020, sen embargo, no ano 2016 soamente había 19.037 vehículos eléctricos puros, o que supón un 0,07% do total.

Fonte: El País

Axenda Ambiental

- 15/08/2017 - Concurso fotográfico «NATURE@work»
- 18/08/2017 - Concurso Mundial de Videos: Mozo e Cambio Climático.
- 6/10/2017 - Concurso para salvar os océanos da ONU.

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: desenvolvemento.territorial@dacoruna.gal